

Lingua galega e literatura

Unidade 1: Fonoloxía e fonética



IES Lamas de Abade
Curso 2023 / 2024

Fonoloxía

Fonoloxía: Disciplina lingüística que estuda os fonemas e a súa función distintiva.

Ex. pelo /p//e//l//o/ vs. peto /p//e//t//o/

Os fonemas serven para distinguir palabras.

En galego temos **26 fonemas**, 7 deles son vocálicos.


Fonética

Fonética: Disciplina lingüística que estuda a realización dos sons.

Ex. n [n]: **n**ariz [ŋ]: cami**ón**

Un son é a materialización física dun fonema.

Son unha serie **infinita**.



O sistema vocálico

*Sonoras

*Poden ser tónicos ou átonos

*Clasificación: **Grao de abertura da boca.-** abertas, medio abertas, medio pechadas ou pechadas


Punto de articulación.- anterior (ou palatal), central ou posterior (ou velar)

O sistema vocálico

*Posición tónica e pretónica: **7** vogais

*Posición átona postónica: **5** vogais

*Posición átona final: **3** vogais



O sistema vocálico. Fenómenos de vacilación

Teñen carácter dialectal ou coloquial.

Vocalismo tónico

Metafonía por -o / -a: /pega/ /pɛga/

Influencia das consoantes nasais a final de sílaba: **dente, fonte**

Vocalismo átono

Por adición: **prótese (alacena), epéntese (soio) e paragoxe (comere)**

Por supresión: **aférese (inda), síncope (esprito) e apócope (quer, Ourens)**

O sistema vocálico. Fenómenos de vacilación

De vacilación vocálica: **asimilación**
(*dazaseis), disimilación (*menistro) e
harmonización (*quiría), labialización (*lovar)

O sistema consonántico

***Punto de articulación:** (onde se produce a obstrución) bilabial, labiodental, dental, interdental, alveolar, palatal e velar.



***Modo de articulación:** (como se vence esa obstrución) oclusivo, fricativo, africado, lateral, vibrante e nasal.

***Sonoridade:** xordos e sonoros.

O sistema consonántico

PUNTO DE ARTICULACIÓN MODO DE ARTICULACIÓN		BILABIAL		LABIO DENTAL		LINGUO DENTAL		INTER DENTAL		ALVEOLAR		PALATAL		VELAR		FARÍNCEO	
		X	S	X	S	X	S	X	S	X	S	X	S	X	S	X	S
OCLUSIVO		/p/	/b/			/t/	/d/							/k/	/g/		
FRICATIVO				/f/				/θ/		/s/		/ʃ/				/ħ/	
AFRICADO												/tʃ/					
NASAL			/m/							/n/		/ɲ/		/ŋ/			
LATERAL										/l/		/ʎ/					
VIBR	Simple									/ɾ/							
	Múltiple									/r/							

Fonte: <http://cotovia.org/fonetica/consoantes.html>

O sistema consonántico

***Seseo:** bloque occidental e no bloque central (na parte máis occidental). Carecen do fonema /θ/, no seu lugar teñen /s/.



Gheada: bloque occidental e bloque central (practicamente a metade occidental). O fonema /g/ é substituído por /h/ (aspirado, farínxeo, xordo).



O sistema consonántico. Fenómenos de vacilación

Teñen carácter dialectal ou coloquial.

Metátese: ***melro, *frebeiro**

Relaxación ou aproximación: **b, d, g**

A sílaba

Tipos:

Segundo o fonema final:

-Libres ou abertas.- **-vogal**

-Trabadas ou pechadas.- **-consoante**

Segundo a posición do acento:

-Sílaba tónica

-Sílaba átona

Ditongos, tritongos e hiatos

Tipos:

Decrecente.- Os máis comúns en galego

Crecente

Homoxéneo.- ui, iu

Ditongos, **tritongos** e hiatos

Estrutura:

Semiconsoante [j] ou [w] + vogal [a], [e] ou [o] + [j] ou [w]

camb**iou**, ig**uais**

Ditongos, tritongos e **hiatos**

Estrutura:

-Dúas vogais abertas.- mar**ea**

-Dúas pechadas.- influ**ír**

-Unha aberta e outra pechada.- t**úa**